

## **XUSTIFICACIÓN FUNCIONAL DA MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

A vixente relación de postos de traballo aprobouse por RESOLUCIÓN do 29 de xuño de 2021 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 17 de xuño de 2021 polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo da Consellería do Medio Rural, coa incorporación das modificacións introducidas polo Acordo do Consello da Xunta do 24 de xuño de 2021.

A Relación de Postos de Traballo indicada anteriormente foi modificada polas seguintes Resolucións:

- Resolución do 24 de xuño de 2021 (DOG 25/06/2021), referente ao proceso de funcionarización de diversos postos de traballo.
- Resolución do 5 de agosto de 2022 (DOG 11/08/2022), pola que se crean as Unidades de Investigación de Incendios Forestais, os postos itinerantes e de coordinación das OACs e o servizo da Cadea Alimentaria.
- Resolución do 5 de outubro de 2022 (DOG 11/10/2022), pola que se crea unha unidade temporal dependente da Secretaria Xeral Técnica.
- Resolución do 19 de xaneiro de 2023 (DOG 23/01/2023), polo que se modifican diversos postos de traballo derivados da superación de persoal temporal os correspondentes procesos selectivos.

Neste intre xustifícase unha nova modificación da Relación de Postos de Traballo (en adiante RPT) para crear 3 unidades fixas de persoal para as bases helitransportadas de O Barco de Valdeorras, Queimádelos (localidade Mondariz) e Xures (localidade Muíños) e a creación de postos de reforzo nas brigadas helitransportadas de Marroxo e Vilamaior.

O 10 de abril de 2023 o Director Xeral de Defensa do Monte remite unha memoria, na cal acredita a necesidade de reforzar os postos existentes na actual RPT vinculados ao Servizo de Prevención de Incendios Forestais (en adiante SPIF) coa creación de 51 postos de traballo, de 12 meses de prestación de servizos, vinculados ás bases helitransportadas citadas anteriormente, coa seguinte distribución:

### **a) Postos de nova creación nas bases de O Barco de Valdeorras, Queimádelos e Xures:**

En cada unha das bases anteriores créanse os seguintes postos de traballo:

- 2 bombeiros forestais Xefes de Brigada.
- 12 bombeiros forestais condutores
- 2 emisoristas.

### **b) Posto de reforzo na base de Marroxo:**

- 1 bombeiro forestal condutor

### **c) Postos de reforzos na base de Vilamaior:**

- 1 bombeiros forestais Xefes de Brigada.
- 1 bombeiro forestal condutor



Para a creación dos postos indicados, tal e como se indica na memoria económica, ademais do crédito incorporado no anexo de persoal da Consellería de Medio Rural, no ano 2023 é preciso amortizar as seguintes prazas:

UNIDADE ADMINISTRATIVA	CÓDIGO DO POSTO	DENOMINACIÓN DO POSTO	GRUPO	CATEG.
DISTRITO FORESTAL: VIII - TERRA DE LEMOS	MR.C99.50.080.27300.100	BOMBEIRO/A FORESTAL ODCIF*	IV	41
DISTRITO FORESTAL: VIII - TERRA DE LEMOS	MR.C99.50.080.27300.240	BOMBEIRO/A FORESTAL CONDUTOR/A BRIGADA HELITRANSP. (*1)	V	14A
DISTRITO FORESTAL: X - TERRA CHA	MR.C99.50.100.27640.104	BOMBEIRO/A FORESTAL ODCIF*	IV	41
DISTRITO FORESTAL: XIV - VERÍN - VIANA	MR.C99.50.140.32840.101	BOMBEIRO/A FORESTAL ODCIF*	IV	41
DISTRITO FORESTAL: XIV - VERÍN - VIANA	MR.C99.50.140.32840.240	BOMBEIRO/A FORESTAL CONDUTOR/A BRIGADA HELITRANSP. (*1)	V	14A
DISTRITO FORESTAL: XVIII - VIGO - BAIXO MIÑO	MR.C99.50.180.36380.101	BOMBEIRO/A FORESTAL ODCIF*	IV	41

\*Postos de 12 meses de prestación de servizo.

\*1 Postos de 6 meses de prestación de servizo

Os postos establécense cunha dependencia orgánica do Servizo de Prevención de Incendios Forestais de cada Xefatura Territorial e funcional da Dirección Xeral de Defensa do Monte, agás os emisoristas que dependerán orgánica e funcionalmente do Distritos Forestais nos que sitúan as respectivas bases helitransportadas.

Este persoal prestará servizo durante os 12 meses do ano traballando co helicóptero nos períodos que estea activado, estando dispoñibles mobilizándose en vehículos terrestres fora de este período e, en calquera caso, cando sexa requirido. Os/As emisoristas das bases aéreas incorporaranse a traballar no Centro de Coordinación de Distrito fóra do período de activación do helicóptero.

Para o acceso ás prazas de bombeiro/a forestal xefe/a de brigada helitransportada e bombeiro/a forestal condutor/a de brigada helitransportada, ademais dos requisitos xerais da categoría é necesario superar previamente unha proba de aptitude física. Esta proba denomínase proba física Pack Test consistente en camiñar 4.800 metros sobre terreo plano cun peso de 20 kg ás costas, nun tempo máximo de 45 minutos. O persoal que ocupe estes postos de traballo debe realizar a proba física tódolos anos antes do 1 de xuño.

A creación dos postos realizase cos cargo ás dotacións incrementadas no orzamentos do ano 2023 na Consellería de Medio Rural e as amortizacións indicadas anteriormente. Os postos a crear son os seguintes:



UNIDADE ADMINISTRATIVA	CÓDIGO DO POSTO	DENOMINACIÓN DO POSTO	GRUPO	CATEGORIA
------------------------	-----------------	-----------------------	-------	-----------



SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS (LUGO)SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS (LUGO)	MR.C99.10.801.27001.241	BOMBEIRO/A FORESTAL CONDUTOR/A (MOFORTE DE LEMOS)	V	14A
SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS (OURENSE)	MR.C99.10.801.32001.250	BOMBEIRO/A FORESTAL XEFE/A BRIG. BHT (MUÍÑOS)	III	100
SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS (OURENSE)	MR.C99.10.801.32001.251	BOMBEIRO/A FORESTAL XEFE/A BRIG. BHT (MUÍÑOS)	III	100
SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS (OURENSE)	MR.C99.10.801.32001.260	BOMBEIRO/A FORESTAL XEFE/A BRIG. BHT (O BARCO V.)	III	100
SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS (OURENSE)	MR.C99.10.801.32001.261	BOMBEIRO/A FORESTAL XEFE/A BRIG. BHT (O BARCO V.)	III	100
SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS (OURENSE)	MR.C99.10.801.32001.270	BOMBEIRO/A FORESTAL CONDUTOR/A BHT (BANDE)	V	14A
SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS (OURENSE)	MR.C99.10.801.32001.271	BOMBEIRO/A FORESTAL CONDUTOR/A BHT (BANDE)	V	14A
SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS (OURENSE)	MR.C99.10.801.32001.272	BOMBEIRO/A FORESTAL CONDUTOR/A BHT (MUÍÑOS)	V	14A
SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS (OURENSE)	MR.C99.10.801.32001.273	BOMBEIRO/A FORESTAL CONDUTOR/A BHT (MUÍÑOS)	V	14A
SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS (OURENSE)	MR.C99.10.801.32001.274	BOMBEIRO/A FORESTAL CONDUTOR/A BHT (MUÍÑOS)	V	14A
SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS (OURENSE)	MR.C99.10.801.32001.275	BOMBEIRO/A FORESTAL CONDUTOR/A BHT (MUÍÑOS)	V	14A
SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS (OURENSE)	MR.C99.10.801.32001.276	BOMBEIRO/A FORESTAL CONDUTOR/A BHT (MUÍÑOS)	V	14A
SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS (OURENSE)	MR.C99.10.801.32001.277	BOMBEIRO/A FORESTAL CONDUTOR/A BHT (MUÍÑOS)	V	14A
SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS (OURENSE)	MR.C99.10.801.32001.278	BOMBEIRO/A FORESTAL CONDUTOR/A BHT (MUÍÑOS)	V	14A
SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS (OURENSE)	MR.C99.10.801.32001.279	BOMBEIRO/A FORESTAL CONDUTOR/A BHT (MUÍÑOS)	V	14A
SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS (OURENSE)	MR.C99.10.801.32001.280	BOMBEIRO/A FORESTAL CONDUTOR/A BHT (MUÍÑOS)	V	14A
SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS (OURENSE)	MR.C99.10.801.32001.281	BOMBEIRO/A FORESTAL CONDUTOR/A BHT (MUÍÑOS)	V	14A
SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS (OURENSE)	MR.C99.10.801.32001.290	BOMBEIRO/A FORESTAL CONDUTOR/A BHT (O BARCO V.)	V	14A
SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS (OURENSE)	MR.C99.10.801.32001.291	BOMBEIRO/A FORESTAL CONDUTOR/A BHT (O BARCO V.)	V	14A
SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS (OURENSE)	MR.C99.10.801.32001.292	BOMBEIRO/A FORESTAL CONDUTOR/A BHT (O BARCO V.)	V	14A
SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS (OURENSE)	MR.C99.10.801.32001.293	BOMBEIRO/A FORESTAL CONDUTOR/A BHT (O BARCO V.)	V	14A
SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS (OURENSE)	MR.C99.10.801.32001.294	BOMBEIRO/A FORESTAL CONDUTOR/A BHT (O BARCO V.)	V	14A
SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS (OURENSE)	MR.C99.10.801.32001.295	BOMBEIRO/A FORESTAL CONDUTOR/A BHT (O BARCO V.)	V	14A



		V.)		
SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS (OURENSE)	MR.C99.10.801.32001.296	BOMBEIRO/A FORESTAL CONDUTOR/A BHT (O BARCO V.)	V	14A
SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS (OURENSE)	MR.C99.10.801.32001.297	BOMBEIRO/A FORESTAL CONDUTOR/A BHT (O BARCO V.)	V	14A
SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS (OURENSE)	MR.C99.10.801.32001.298	BOMBEIRO/A FORESTAL CONDUTOR/A BHT (O BARCO V.)	V	14A
SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS (OURENSE)	MR.C99.10.801.32001.299	BOMBEIRO/A FORESTAL CONDUTOR/A BHT (O BARCO V.)	V	14A
SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS (OURENSE)	MR.C99.10.801.32001.300	BOMBEIRO/A FORESTAL CONDUTOR/A BHT (O BARCO V.)	V	14A
SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS (OURENSE)	MR.C99.10.801.32001.301	BOMBEIRO/A FORESTAL CONDUTOR/A BHT (O BARCO V.)	V	14A
SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS (OURENSE)	MR.C99.10.801.32001.350	BOMBEIRO FORESTAL XEFE/A BRIG. BHT (VERIN)	III	100
SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS (OURENSE)	MR.C99.10.801.32001.351	BOMBEIRO/A FORESTAL/A CONDUCTOR/A BHT (VERIN)	V	14A
SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS (PONTEVEDRA)	MR.C99.10.801.36001.250	BOMBEIRO/A FORESTAL XEFE/A BRIG. BHT (MONDARIZ)	III	100
SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS (PONTEVEDRA)	MR.C99.10.801.36001.251	BOMBEIRO/A FORESTAL XEFE/A BRIG. BHT (MONDARIZ)	III	100
SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS (PONTEVEDRA)	MR.C99.10.801.36001.270	BOMBEIRO/A FORESTAL CONDUTOR/A BHT (MONDARIZ)	V	14A
SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS (PONTEVEDRA)	MR.C99.10.801.36001.271	BOMBEIRO/A FORESTAL CONDUTOR/A BHT (MONDARIZ)	V	14A
SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS (PONTEVEDRA)	MR.C99.10.801.36001.272	BOMBEIRO/A FORESTAL CONDUTOR/A BHT (MONDARIZ)	V	14A
SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS (PONTEVEDRA)	MR.C99.10.801.36001.273	BOMBEIRO/A FORESTAL CONDUTOR/A BHT (MONDARIZ)	V	14A
SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS (PONTEVEDRA)	MR.C99.10.801.36001.274	BOMBEIRO/A FORESTAL CONDUTOR/A BHT (MONDARIZ)	V	14A
SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS (PONTEVEDRA)	MR.C99.10.801.36001.275	BOMBEIRO/A FORESTAL CONDUTOR/A BHT (MONDARIZ)	V	14A
SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS (PONTEVEDRA)	MR.C99.10.801.36001.276	BOMBEIRO/A FORESTAL CONDUTOR/A BHT (MONDARIZ)	V	14A
SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS (PONTEVEDRA)	MR.C99.10.801.36001.277	BOMBEIRO/A FORESTAL CONDUTOR/A BHT (MONDARIZ)	V	14A



SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS (PONTEVEDRA)	MR.C99.10.801.36001.278	BOMBEIRO/A FORESTAL CONDUTOR/A BHT (MONDARIZ)	V	14A
SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS (PONTEVEDRA)	MR.C99.10.801.36001.279	BOMBEIRO/A FORESTAL CONDUTOR/A BHT (MONDARIZ)	V	14A
SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS (PONTEVEDRA)	MR.C99.10.801.36001.280	BOMBEIRO/A FORESTAL CONDUTOR/A BHT (MONDARIZ)	V	14A
SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS (PONTEVEDRA)	MR.C99.10.801.36001.281	BOMBEIRO/A FORESTAL CONDUTOR/A BHT (MONDARIZ)	V	14A
DISTRITO FORESTAL: XIII - VALDEORRAS - TRIVES	MR.C99.50.130.32090.050	EMISORISTA SPDCIF	V	10C
DISTRITO FORESTAL: XIII - VALDEORRAS - TRIVES	MR.C99.50.130.32090.051	EMISORISTA SPDCIF	V	10C
DISTRITO FORESTAL: XV - A LIMIA	MR.C99.50.150.32060.050	EMISORISTA SPDCIF	V	10C
DISTRITO FORESTAL: XV - A LIMIA	MR.C99.50.150.32060.051	EMISORISTA SPDCIF	V	10C
DISTRITO FORESTAL: XVII - O CONDADO - PARADANTA	MR.C99.50.170.36420.050	EMISORISTA SPDCIF	V	10C
DISTRITO FORESTAL: XVII - O CONDADO - PARADANTA	MR.C99.50.170.36420.051	EMISORISTA SPDCIF	V	10C

## **MEMORIA XUSTIFICATIVA PARA A CONSTITUCIÓN DE 3 UNIDADES FIXAS DE PERSOAL PARA AS BASES HELITRANSPORTADAS DE BARCO, QUEIMADELOS E XURÉS E A CREACIÓN DE POSTOS DE REFORZO NAS BRIGADAS HELITRANSPORTADAS DE MARROXO E VILAMAIOR.**

### **XUSTIFICACIÓN**

A Consellería do Medio Rural é o órgano da Administración galega ao cal, baixo a superior dirección da persoa titular do departamento, lle corresponde propor e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito rural, que engloba as competencias en materia de agricultura, gandería, desenvolvemento rural e ordenación comarcal, estruturas rurais, industrias alimentarias, montes, prevención e defensa dos incendios forestais.

As competencias en prevención e defensa dos incendios forestais son desenvolvidas a través da Dirección Xeral de Defensa do Monte, que conta con medios humanos e materiais cuxa distribución territorial e procedemento operativo ven recollido no Plan de prevención e defensa contra os incendios de Galicia (Pladiga).

Dentro do campo da extinción de incendios, o traballo con medios aéreos é unha parte fundamental en actuacións de primeiro ataque pola súa rápida resposta, en actuacións en zonas con orografía complicada ou actuacións en grandes incendios forestais. Por este motivo o dispositivo autonómico dispón dunha rede de bases helitransportadas que contan habitualmente con helicóptero e brigada de extinción.

Os helicópteros de extinción traballan directamente sobre os incendios mediante lanzamento de auga, con ou sen retardante, servindo ademais para transportar persoal rapidamente aos incendios. Para que o traballo dos helicópteros sexa realmente eficaz é imprescindible o apoio desde terra con persoal que poida rematar as pequenas fronteiras de lume que quedan tralas descargas de auga.





Por todo o anteriormente exposto e trala realización das análises oportunas, a Dirección Xeral de Defensa do Monte constatou a necesidade da creación de 3 unidades de persoal fixas para as bases helitransportadas de Barco (O Barco de Valdeorras), Queimadelos (Mondariz) e Xurés (Muíños), así como a creación de postos de reforzo nas brigadas helitransportadas existentes nas bases de Marroxo (Monforte de Lemos) e Vilamaior (Verín). Resulta imprescindible que este persoal desenvolva as súas funcións durante todo o ano, por unha banda en labores de extinción, formando binomio cun helicóptero ou ben desenvolvéndose como unha brigada terrestre. Por outro lado desenvolverán funcións de prevención de incendios forestais, no ámbito da provincia onde se sitúen, así como de mantemento e mellora da base helitransportada á que estea asignado o persoal.

## PROPOSTA DE DOTACIÓN DE PERSOAL

Da análise realizada, conclúese que é necesario dispoñer de persoas funcionarias para a constitución das ditas brigadas helitransportadas e reforzo das existentes.

As bases helitransportadas do Barco de Valdeorras, Queimadelos e Xurés teñen asignados helicópteros de tipo lixeiro, con capacidade para brigadas de 5 bombeiros/as forestais.

As necesidades de cada unha das bases, para ter operatividade suficiente, sería de 3 bombeiros/as forestais xefes/as de brigada helitransportada, 12 bombeiros/as forestais condutores/as helitransportada e 2 emisoristas.

O BARCO DE VALDEORRAS	
Descrición	Número
Bombeiros/as forestais xefes/as de brigada helitransportada	2
Bombeiros/as forestais condutores/as helitransportada	12
Emisoristas	2

XURÉS	
Descrición	Número
Bombeiros/as forestais xefes/as de brigada helitransportada	2
Bombeiros/as forestais condutores/as helitransportada	12
Emisoristas	2

QUEIMADELOS	
Descrición	Número
Bombeiros/as forestais xefes/as de brigada helitransportada	2
Bombeiros/as forestais condutores/as helitransportada	12
Emisoristas	2







Este persoal dependerá organicamente da Xefatura Territorial correspondente (Lugo, Ourense e Pontevedra) e funcionalmente da Dirección Xeral de Defensa do Monte, agás os emisoristas, que dependerán orgánica e funcionalmente dos Distritos Forestais nos que se ubican as respectivas bases helitransportadas.

En canto ás bases existentes propónse amortizar dous postos fixos discontinuos que desenvolven o seu traballo durante 6 meses ao ano, un na base de Marroxo e outro en Vilamaior. Tendo en conta o anterior, as necesidades de reforzo das ditas bases son as que se mostran a continuación.

REFORZO MARROXO	
Descrición	Número
Bombeiros/as forestais condutores/as helitransportada	1

  

REFORZO VILAMAIOR	
Descrición	Número
Bombeiros/as forestais xefes/as de brigada helitransportada	1
Bombeiros/as forestais condutores/as helitransportada	1

### Localidade de adscrición.

Para as novas prazas que se crean, a localidade adscrición de cada unha das bases helitransportadas é a seguinte:

BASE	LOCALIDADE DE ADSCRICIÓN
Queimadelos	Mondariz
O Barco	O Barco de Valdeorras
Xurés	Muíños
Marroxo	Monforte de Lemos
Vilamaior	Verín

Este persoal prestará servizo durante os 12 meses do ano traballando co helicóptero nos períodos que estea activado, estando dispoñible mobilizándose en vehículos terrestres fora de este período e, en calquera caso, cando sexa requirido. Os/As emisoristas das bases aéreas incorporaranse a traballar no Centro de Coordinación de Distrito fóra do período de activación do helicóptero.





## Requisitos

Para o acceso ás prazas de bombeiro/a forestal xefe/a de brigada helitransportada e bombeiro/a forestal condutor/a de brigada helitransportada, deberá superarse previamente unha proba de aptitude física. Esta proba denomínase proba física Pack Test consistente en camiñar 4.800 metros sobre terreo plano cun peso de 20 kg ás costas, nun tempo máximo de 45 minutos.

Ademais, deberá superarse a mesma proba física todos os anos con anterioridade ao 1 de xuño de cada ano.

## Funcións

As funcións de cada unha de estas categorías veñen definidas no Pladiga:

- Bombeiro/a forestal xefe/a de brigada helitransportada

- Responsabilizarse dos medios materiais postos a súa disposición.
- Será o responsable do adecuado funcionamento do persoal ao seu cargo, de acordo coas instrucións recibidas en cada momento.
- Manterá unha lista do persoal e medios ao seu cargo.
- Impartirá a instrución e o adestramento ao persoal da súa brigada para a prevención e extinción.
- Dirixirá e participará nas labores de prevención e extinción, e en todos aqueles traballos de prevención que lle sexan encomendados.
- Terá coñecemento e práctica das especialidades elementais (mochilas de extinción, retardantes, motoserra, rozadora,...).
- Utilizará a maquinaria e apeiros de manexo manual propio das tarefas encomendadas de defensa contra incendios.
- Será o responsable das comunicacións da súa brigada co operativo e coa organización da prevención e defensa contra incendios forestais. Empregará para iso os equipos de comunicación encomendados.
- Observará e velará polo cumprimento das normas de seguridade e prevención de riscos laborais do persoal ao seu cargo.
- Vixiará o mantemento do vehículo e asegurará o seu estado de operatividade (carburante, auga, no seu caso anticonxelante, presión de pneumáticos, etc.) obrigando ao/á Bombeiro/a forestal condutor/a a realizar a revisión diaria.
- Deberá conducir vehículos cando o demanden as necesidades do servizo.
- Deberá realizar un parte diario dos traballos realizados pola súa brigada.
- Deberá comunicar o CCD, ao entrar de servizo, o número de compoñentes operativos da brigada nesa data.
- Verificará que a estiba do material de extinción no vehículo é axeitada, efectuando un reconto ao rematar cada extinción e solicitando á Xefatura de Distrito a reposición do deteriorado unha vez rematada a xornada.





- Constituirase en director de extinción cando actúe illadamente a brigada ou o binomio Brigada - Vehículo motobomba. No caso de que actúen conxuntamente varias brigadas o CCD nomeará ao Bombeiro/a forestal xefe/a de brigada que se constituirá como director de extinción.
- Comunicará periodicamente ao director de extinción, e cando lle sexa solicitado, a situación do lume no seu ámbito de actuación, así como o desenvolvemento dos traballos encomendados.
- No caso de que a brigada sexa o primeiro medio operativo en achegarse a un novo lume, comunicará coa maior brevidade posible ao Distrito Forestal ou mando intermedio correspondente, unha análise de situación do lume.
- Vixiará o estado físico e anímico do persoal ao seu cargo.
- Deberá saber ler o plano e localizar o punto de actuación.
- Facilitará mensualmente á Xefatura de Distrito ou ao CCD, a relación de todas as intervencións levadas a cabo.
- Todas aquelas outras relacionadas coa prevención, detección e extinción de incendios forestais.
- Realizará os labores silvícolas e medio ambientais encomendados.
- Será o responsable da correcta execución das tarefas asignadas polo/a director de extinción no saneamento e remate dos lumes por parte da súa brigada.
- Será o responsable do mantemento do punto de encontro que lle sexa asignado, no seu caso.
- Participará na execución de queimas controladas.
- Aqueloutras tarefas que se van desenvolver tanto no ámbito da extinción como no da prevención segundo as necesidades que en cada momento sexan prioritarias.
- En ausencia do/da Técnico/a de Brigada Helitransportada, responsabilizarase de que o embarque, estiba do material e o desembarco se efectúe de acordo coas normas establecidas.
- Constituirase en director de extinción cando actúe illadamente coa súa brigada e helicóptero e en ausencia do/da Técnico/a de Brigada Helitransportada, ou cando así o determine o CCD.

#### - Bombeiro/a forestal condutor/a de brigada helitransportada

- Terá coñecemento básico da loita contra incendios forestais.
- Terá coñecemento xeral dos medios que usa a brigada.
- Terá coñecemento e práctica das especialidades elementais (mochilas de extinción, retardantes, motoserra, rozadora, tendido de mangueras ...).
- Utilizará a maquinaria e apeiros de manexo manual propio das tarefas encomendadas de defensa contra incendios.
- En todo caso obedecerá as ordes do/da Xefe/a de Brigada.
- Ocuparase de levar a cabo as obras de construción, mellora e mantemento de infraestruturas da defensa contra incendios.
- Conducirá os vehículos dedicados ao transporte das brigadas e materiais do servizo.





- Dirixirá e participará no tendido de manguera na ausencia do/da Xefe/a de Brigada.
  - Manexará os equipos de comunicación.
  - Utilizará a maquinaria e apeiros de manexo manual propio das tarefas encomendadas de defensa contra incendios.
  - Participará na execución de queimas controladas.
  - Observará e cumprirá as normas de seguridade e prevención de riscos laborais.
  - Substituirá ao/á Xefe/a de Brigada en caso de ausencia.
  - Aqueloutras tarefas que se van desenvolver tanto no ámbito da extinción como no da prevención segundo as necesidades que en cada momento sexan prioritarias.
- Emisorista
- Efectuará e recibirá as transmisións correspondentes.
  - Asistirá ao Centro de Coordinación do distrito fóra do período de actividade do helicóptero na base.
  - Rexistrará as alarmas e as incidencias recibidas e emitidas.
  - Transmitirá as ordes que reciba.
  - Trasladará e desenvolverá as instrucións e ordes tendentes á execución dos procedementos operativos dos Servizos de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais.
  - Comunicará aos responsables da coordinación de medios a información de importancia de cara ao operativo do ámbito territorial ao que corresponda.
  - Terá coñecemento da Rede de Transmisións.
  - Terá coñecemento da emisora e o seu manexo. Deberá ter coñecemento do manexo básico do ordenador para substituír ao/á Operador/a en caso de necesidade.
  - Segundo as situacións de risco, poderá ser destinado/a a realizar outras funcións administrativas vinculadas á defensa contra incendios forestais.
  - Introducirá os datos precisos para manter actualizado o rexistro de entradas e saídas do persoal do aplicativo Quendas.
  - Manexará e observará as imaxes das cámaras de vixilancia para localizar posibles focos de lume.
  - Aqueloutras tarefas que se van desenvolver tanto no ámbito da extinción como no da prevención segundo as necesidades que en cada momento sexan prioritarias.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O director xeral de Defensa do Monte

Manuel Rodríguez Vázquez

